

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero (*)

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as once horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

(*) O Sr. alcalde en funcións asiste á presente sesión excepcionalmente de xeito telemático, a través de videochamada telefónica, por atoparse ausente do municipio debido da súa recente paternidade. A Secretaría municipal dá fe da súa asistencia á sesión por ditos medios electrónicos, así como do sentido do seu voto aos acordos incluídos na Orde do Día.

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 2 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

1)

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de

execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 15 de abril de 2026 (RE-E núm. 249), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	ELENA NAVARRO CUELLAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	CANALIZACIÓN DE LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA
SITUACIÓN	RÚA GRUPO ESCOLAR NÚM. 12
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – EQUIPAMENTO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6625004NH8262N0004RZ
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Susana Casais Pérez, asinado en data 26/03/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.041,97 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 09/09/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	EXENTO (potencia inferior a 1 kV – artigo 111.6 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (potencia inferior a 1 kV – non incluído nos anexos I e II do Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño)

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu

Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Cuarto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

2)

— José Luís Camiñas Vázquez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 17 de decembro de 2025 (RE-E núm. 794), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ LUÍS CAMIÑAS VÁZQUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE FAÍLDE, PARROQUIA DO SALTO DE AGOELA
REPRESENTANTE	EFIGALIA ENERGY S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO
LUGAR	FAÍLDE
PARROQUIA	O SALTO DE AGOELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL DA PARCELA DE SUBMINISTRO	36047A019004710000PH
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Diego Mazaira Rodríguez, asinado en data 15/12/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	31.395,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 10/08/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE
CÓDIGO REAGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 10/09/26)

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SEISCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (627,90 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2026”

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega das Industrias Culturais, por Resolución de data 23/04/26, para o programa “*Cultura no*

Camiño 2026”, por importe de 2.500,00 €, ao abeiro da Resolución do 9 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 27, do 10/02/26) – Expediente [REDACTED], procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 2.500,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	DATA PAGO	IMPORTE
CHARLATANA, S. COOP. GALEGA	[REDACTED]	CH26/178	04/07/2026	31/07/2026	03/08/2026	968,00 €
CULTURACTIVA, S COOP. GALEGA	[REDACTED]	3172026	10/07/2026	26/08/2026	02/09/2026	665,00 €
MUSICOS AO VIVO, S. COOP. GALEGA	[REDACTED]	SM26/615	23/07/2026	14/08/2026	20/08/2026	500,00 €
CULTURACTIVA, S COOP. GALEGA	[REDACTED]	3672026	24/07/2026	07/08/2026	10/08/2026	1.515,00 €
ODAIKO KREA S.L.	[REDACTED]	2026/96	25/08/2026	02/09/2026	09/09/2026	1.800,00 €

- Cantidade xustificada: 5.448,00 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega das Industrias Culturais, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

4.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE VILELA

VISTO o escrito presentado por Dona Carina Cambeiro Ouro, na representación da ASOCIACIÓN DE FESTAS DE VILELA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Vilela, parroquia Vilela (RE núm. 1365, do 02/09/26), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Vilela celebradas os pasados días 13 e 14 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

5.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE ÁLCEME

VISTO o escrito presentado por Don José Ramón Rodríguez Janeiro, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar da Latiza, parroquia de Álceme, na representación da Comisión de festas parroquial (RE núm. 1397, do 04/09/26), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Álceme celebradas os pasados días 16 e 17 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 20/08/26, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Infancia Dona Patricia Hermida Deza, con data 09/09/26, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co

establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación *“Concilia en período lectivo 2026 e campamento de Nadal”*, entre os días 9 de setembro do corrente e 7 de xaneiro de 2027, ambos inclusive, á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM, con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de DOCE MIL TRESCENTOS VINTE EUROS (12.320,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 466,55 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopadoras do Concello, s/factura núm. 26A/1356 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 136,09 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-I6DD-043718 e 28-I6DD-044916 e 28-I6M0-007006 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 52,30 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361326FC0006517.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 79,30 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ARCA DE NOÉ 1923, S.R.L. 6.200,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación *“Concilia Verán Rodeiro 2026”* no mes de agosto de 2026, s/factura núm. ROD/003 (FACe).

- SUPER COMERCIO SHAN S.L.U. 148,90 €
Por subministro de materiais para actividades do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2026*”, s/facturas núm. 2026000499, 2026000500 e 2026000540.
- PABLO GARCÍA PAIS 1.541,55 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500202.
- TQ TECNOL S.A.U. 411,64 €
Por subministro de taboleiros de madeira para reparación de bancos, s/factura núm. FV2609836 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as once horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)